

Resolución do 29 de maio de 2019, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, na categoría 001 (camareiro/a-limpador/a/axudante/a cocíña) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 1 de marzo de 2018 (DOG núm. 47, do 7 de marzo de 2018), pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o día 29 de maio de 2019 o tribunal nomeado pola Orde do 1 de marzo de 2019 (DOG núm. 48 do 8 de marzo de 2019), modificado pola Orde do 18 de marzo de 2019 (DOG núm. 57 do 22 de marzo de 2019), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, na categoría 001 (camareiro/a-limpador/a/axudante/a cocíña) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 1 de marzo de 2018 (DOG núm. 47, do 7 de marzo de 2018),

ACORDOU

Primeiro.- Desestimar na súa totalidade as reclamacións e alegacións presentadas en relación ás preguntas do cuestionario.

Segundo.- De conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, así como na resolución deste Tribunal do 9 de abril de 2019 na que, segundo o disposto na base II.1.2.10 da convocatoria, se establecen e fan públicos os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio, superaron este primeiro exercicio do proceso selectivo os aspirantes que obtiveron unha puntuación mínima de quince (15) puntos, fixándose en 36,333 o número de respostas correctas para acadar a dita puntuación, unha vez feitas as deducións previstas na dita base da convocatoria.

Feita a corrección e de acordo cos criterios sinalados polo Tribunal en dita resolución de 9 de abril de 2019, superaron o primeiro exercicio un total de 509 aspirantes.

Terceiro.- Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes presentados ao primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, na categoría 001 (camareiro/a-limpador/a/axudante/a cocíña) do grupo V de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, no lugar onde se realizou o exercicio e no portal web corporativo «funcionpublica.xunta.gal».


Cuarto.- De acordo co disposto na base II.1.2.8 da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Quinto.- De acordo co disposto na base II.1.1.2 da convocatoria, e aos efectos de exención da realización do segundo exercicio, os aspirantes que superaron o primeiro exercicio disporán dun prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para presentar a documentación xustificativa (orixinais ou fotocopias compulsadas) de estar en posesión do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Sexto.- De conformidade co disposto na base III.13 da Orde da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro competente en materia de Función Pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2019

A presidenta do Tribunal



Trinidad García García